



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FO103A / 2025

Expediente convocatoria: 2024000034321

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DA PROVINCIA, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DURANTE O ANO 2025 (FO103A / 2025)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2025", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2025", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2025", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2025, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de decembro de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DA PROVINCIA, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DURANTE O ANO 2025 (FO103A/2025)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Deportes
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2025
Beneficiarios	Entidades privadas sen fins de lucro, incluídas as federacións deportivas, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña
Programa	FO103A/2025
Aplicación orzamentaria	0612/3411/481
Importe da convocatoria	500.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 5.000 €, máximo 37.500 €
Importe da subvención que se vai conceder	De 1.000 € a 30.000 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Variable entre 0,20 e 0,80 do orzamento de gastos subvencionables
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 .([BOP número 190 , mércores , 2 de outubro de 2024](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido nas bases xerais e na seguinte normativa específica:

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1- Obxecto

Este programa vai dirixido a entidades da provincia, sen ánimo de lucro, incluídas as federacións deportivas, que realicen actividades de fomento da actividade física e do deporte dentro da provincia. Os clubs deportivos poden solicitar subvención neste programa, pero quedan excluídos os gastos derivados da súa participación en competicións oficiais federadas, para os que poden solicitar subvención nos programas específicos FO103B/2025 e FO103C/2025, que son incompatibles con este programa.

O obxecto específico deste programa concrétese en tres modalidades ou liñas, de xeito simultáneo ou alternativo:

- A realización de actividades conducentes á mellora da condición física, a ocupación activa do tempo de lecer, o deporte de carácter afeccionado ou popular e a participación en competicións deportivas que non sexan federadas.
- A promoción social da práctica e dos valores deportivos que se realice mediante a organización de actividades de formación, difusión e divulgación do deporte e dos valores deportivos. Poderán consistir en charlas, talleres, cursos, organización de simposios e xornadas de debate.
- A organización de competicións deportivas federadas ou non federadas.

A realización do programa de actividades para a que se concede a subvención será de exclusiva responsabilidade da entidade, así como as obrigas fiscais e de Seguridade Social que delas se deriven.

2.2 Ámbito temporal:

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que sexan expedidos ata o 16 de xaneiro de 2026.

2.3 Finalidade

Con esta convocatoria de subvencións, a Deputación pretende apoiar a entidades sen ánimo de lucro, federacións, ANPA, etc. na promoción e desenvolvemento das distintas modalidades deportivas e, en especial, fomentar as actividades encamiñadas ao benestar das persoas, á promoción da igualdade e o deporte inclusivo.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa as entidades privadas sen fins de lucro, incluídas as federacións deportivas, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Deberán ter entre os seus obxectivos o fomento de actividades físicas deportivas, a ocupación activa do tempo de lecer, o fomento do deporte ou actividades de formación en materia deportiva, e realizar a/as actividade/s, obxecto da subvención solicitada, no ámbito territorial desta provincia.

As federacións deportivas poderán participar nesta convocatoria aínda que non teñan domicilio fiscal na provincia da Coruña, sempre que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

Entidades excluídas:

As persoas ou as entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de

Galicia en materia de igualdade.

As persoas ou as entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Os clubs deportivos, que foran sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.

As entidades que discriminen nos premios ou recoñecementos que outorguen ás persoas deportistas por razón de xénero.

As entidades que non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude, no seu caso.

As entidades que non teñan actualizados os datos da súa xunta directiva no Rexistro público correspondente, segundo a normativa vixente.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1-Subvencionaranse unicamente os seguintes conceptos:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*)
600	Compras de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións)
623	Servizos profesionais independentes (honorarios de profesionais independentes)
624	Transportes (utilización de medios de transporte a cargo da entidade realizados por terceiros para o desenvolvemento da actividade. Non se admite transporte particular)
625	Primas seguros (seguros deportivos e outros relacionados coa actividade deportiva)
627	Publicidade e propaganda
640	Soldos e salarios (persoal deportivo)
642	Seguridade Social a cargo da entidade (persoal deportivo)
651	Axudas non monetarias (trofeos, medallas)
652	Dereitos da arbitrase
656	Gastos de participación en competición deportiva non federada (inscricións)

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

Os gastos subvencionables para o desenvolvemento das actividades obxecto da subvención serán unicamente os gastos de carácter corrente e gastos de adquisición de materiais funxibles xerados pola realización das actividades deportivas; en ningún caso bens

inventariables.

Se a entidade solicitante presenta no orzamento **gastos de compra de bens destinados á actividade (material deportivo non inventariable)**, no momento da xustificación non poderán xustificar a realización da actividade subvencionada únicamente co gasto de compra de bens destinados á actividade. En todo caso, cando menos un 50% do gasto xustificado debe corresponderse con gastos de desenvolvemento das actividades obxecto desta subvención.

Respecto dos gastos de transporte terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

No caso de incluír gastos de persoal a entidade terá que orzamentar separadamente o importe correspondente aos soldos e salarios (conta 640) e o importe da seguridade social a cargo da entidade (conta 642).

Unicamente se terán en conta os gastos do persoal contratado para as actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria da actividade, no trámite da xustificación.

Na conta 607 “Traballos realizados por outras empresas” inclúense os traballos do proxecto encargados a outras empresas

4.2- Actividades ou gastos excluídos:

- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes).
- Os gastos de participación en competicións oficiais federadas
- Os gastos de adquisición de bens inventariables.
- Os gastos de adquisición de bens destinados á venda.
- Os gastos derivados doutras actividades realizadas pola entidade.
- Os gastos derivados de viaxes de ocio.
- Os gastos financeiros e os de xestión.
- Os gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, comidas protocolarias, gastos en galas ou celebracións).
- Os gastos suntuarios.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa:

- Son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Son incompatibles coa presentación de solicitudes aos programas FO104/2025, FO104V/2025, FO103B/2025, FO103C/2025, da Deputación Provincial da Coruña.

Exclusións específicas do programa FO103A/2025

Non serán subvencionables neste programa:

- As actividades culturais, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- A participación en competicións oficiais federadas, que poidan ser obxecto de subvención a través dos programas FO103B/2025 e FO103C/2025.
- Os grandes eventos deportivos singulares, que poidan ser obxecto de subvención a través do programa FO103D/2025.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixarno concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma e prazo da solicitude regúlanse nas bases xerais.

Base 7. Compromisos e obrigas

As entidades beneficiarias deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

1. Colaborar e prestar a súa imaxe a aqueles programas ou actividades que o precisen, cando sexa requirido pola Deputación da Coruña. Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.
2. Incluír o logotipo da Deputación en calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas así como a información ou material de promoción deportiva da entidade (para o obxecto subvencionado). Para a súa acreditación achegarase declaración responsable.
3. Incluír o logotipo da Deputación na páxina web, e/ou redes sociais e/ou medios audiovisuais (no caso de que a entidade dispoña destes medios). Para a súa

acreditación achegarse ligazón.

4. Incluír os logotipo da Deputación nos dorsais (agás que a entidade acredite que no é posible en función do evento ou actividade de que se trate). Para a súa acreditación achegarse fotografía.
5. Incluír o logotipo da Deputación nos podios (agás que a entidade acredite que no é posible en función do evento ou actividade de que se trate). Para a súa acreditación achegarse fotografía.
6. Se a actividade é retransmitida en streaming será preciso indicar no pé de pantalla “actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña”. Para a súa acreditación achegarse fotografía ou ligazón.
7. No caso de subvenciones superiores a 3.500,00 €, nas que se subvencione o gasto de adquisición de vestimenta deportiva, incluírase o logotipo da Deputación Provincial da Coruña nas camisetas e outra vestimenta deportiva subvencionada utilizada para a realización da actividade, cun mínimo de 150mm x 63mm na parte dianteira preferiblemente. Para a súa acreditación achegarse fotografía feita durante a realización da actividade subvencionada.
8. No caso de subvenciones superiores a 3.500,00 €, colocar 1 lona de 3 x 1m e 1 bandeirola publicitaria (fly banner, roll-up ou similar) onde figure exclusivamente o anagrama da Deputación da Coruña facendo constar ao seu carón o texto: “Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña”, durante a realización da competición deportiva/actividade e nun lugar preferente (no caso de ser retransmitido dalgún xeito, terán que estar a tiro de cámara), agás que se acredite na xustificación a imposibilidade de facelo tendo en conta a natureza da actividade. Para a súa acreditación achegarse fotografía feita durante a realización da actividade subvencionada.
9. No caso de que a entidade beneficiaria sexa unha Federación e se subvencione a organización de copas ou ligas terá a obriga de invitar a Deputación da Coruña aos eventos que se realicen para presentacións e entregas de premios. Para a súa acreditación achegarse declaración responsable.

En todo caso o logotipo terá que ir nun lugar visible e o seu tamaño deberá coincidir co logotipo de maior tamaño dos outros colaboradores (agás no caso das camisetas que teñen o seu tamaño establecido) e deberá ter as seguintes características:

- cor PANTONE 2757C C:100 M:81 Y:00 K:51
- tipografía Aller Regular Bold, Light.
- No caso de que a cor de fondo sexa escura (roupa, lonas, etc), a cor do logotipo será branca. Non servirá ningún outro logotipo ou escudo ou anagrama que non sexa o descrito anteriormente. Pódese descargar da páxina web en (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>).

A non acreditación das obrigas de publicidade recollidas nalgún dos puntos 3, 4, 5, 6, 7 e 8 dará lugar á redución dun 25% do importe da subvención a aboar.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, polo procedemento de concesión provisional/definitiva regulado nas bases xerais destas axudas.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 30.000 €.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos na convocatoria.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito deportivo obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A entidade deberá completar todos os apartados dos modelos da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para a puntuación -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente polo solicitante.

VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 70 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos:

No caso de federacións:

- o coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos.
- o ámbito territorial das actividades: ata 15 puntos.
 - o ámbito local : 5 puntos
 - o ámbito comarcal: 10 puntos
 - o ámbito provincial: 15 puntos
- os requisitos de participación (gratuíta ou a cota de inscrición, libre ou reservada aos socios da entidade organizadora): ata 10 puntos.
- o número de mulleres federadas da provincia: ata 7,5 puntos.
- o número de persoas menores de idade federadas da provincia: ata 7,5 puntos.
- o número de deportistas federados da provincia con discapacidade: ata 5 puntos
- o número de habitantes do concello no que se realiza a actividade: ata 5 puntos.

No caso de entidades:

- o coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 20 puntos.
- o ámbito territorial das actividades: ata 15 puntos.
 - o ámbito local : 5 puntos
 - o ámbito comarcal: 10 puntos
 - o ámbito provincial: 15 puntos
- os requisitos de participación (gratuíta ou a cota de inscrición, libre ou reservada aos socios da entidade organizadora): ata 10 puntos.
- o número de mulleres asociadas: ata 10 puntos
- os anos de antigüidade da entidade: ata 5 puntos.
- O número de habitantes do concello no que se realiza a actividade: ata 10 puntos.

VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 30 puntos

Valoraranse no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos:

- a calidade da memoria e a solvencia técnica da proposta.
- a colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro da provincia e centros educativos.
- a participación e integración da entidade nas actividades deportivas ofertadas/ realizadas polo concello ao que pertence.

Quedarán excluídos das subvencións as solicitudes que non acaden un mínimo de 10 puntos na valoración da comisión técnica.

A Comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda e terá acceso, á memoria de actividades, e á demais documentación necesaria para a súa valoración.

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2026, ás 14:00 horas.

Para o pagamento da achega a entidade deberá xustificar a execución do programa mediante a presentación da documentación recollida no Anexo II e practicándose as reducións oportunas de acordo coas bases 7 das específica e 9 das xerais

Base 10.- Incumplimentos e sancións

Será de aplicación o disposto nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incurso/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) pola prestación dun servizo, e de que seleccionará un deles

de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e número de persoas asociadas.
- Memoria da solicitude.
- Solicitude da autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo).
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, a certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, o acoso sexual, o exhibicionismo e a provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e a corrupción de menores, así como a trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, o

compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

No caso de discrepancia entre os datos declarados pola entidade e os datos que constan nas certificacións, tomaranse como válidos os datos que figuren nas certificacións.

A entidade deberá presentar obrigatoriamente a documentación esixida segundo as plantillas ou modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade aniticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases 7 e 9 ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación:

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa.

- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da activiade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.
- No suposto de que se xustifiquen gastos de persoal, no detalle de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina (conta 640) e o importe da seguridade social con cargo á entidade (conta 642) que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado.
- Relación dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a activiade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.
- Proba documental do cumprimento das obrigas de publicidade contempladas na base 7: compromisos e obrigas específicas e do uso da lingua galega.
- No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) pola prestación dun servizo: copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña asinado co certificado de representación da entidade .
- Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente

pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Entidades privadas sen fins de lucro, incluídas as federacións deportivas, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña. Deberán ter entre os seus obxectivos o fomento de actividades físicas deportivas, a ocupación activa do tempo de lecer, de fomento do deporte ou actividades de formación en materia deportiva, e realizar a/as actividade/s, obxecto da subvención solicitada, no ámbito territorial desta provincia. As federacións deportivas poderán participar nesta convocatoria aínda que non teñan domicilio fiscal na provincia da Coruña, sempre que acrediten que as actividades obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia.

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización das actividades de fomento da actividade física e do deporte que se concretan nas tres modalidades ou liñas, de xeito simultáneo ou alternativo, descritas na base específica 2 das Bases reguladoras do programa.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 500.000,00 €, con cargo á partida 0612/3411/481 do Orzamento ordinario para 2025. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.000,00 € e un máximo de 30.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 15 de novembro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 16 de decembro de 2024, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Entidades privadas sin fines de lucro, incluidas las federaciones deportivas, legalmente constituidas y con domicilio fiscal en la provincia de A Coruña. Deberán tener entre sus objetivos el fomento de actividades físicas deportivas, la ocupación activa del tiempo de ocio, de fomento del deporte o actividades de formación en materia deportiva, y realizar la/as actividad/es, objeto de la subvención solicitada, en el ámbito territorial de esta provincia. Las federaciones deportivas podrán participar en esta convocatoria aunque no tengan domicilio fiscal en la provincia de A Coruña, siempre que acrediten que las actividades objeto de la subvención se realizarán en el ámbito territorial de esta

provincia.

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de las actividades de fomento de la actividad física y del deporte que se concretan en las tres modalidades o líneas, de manera simultánea o alternativa, descritas en la base específica 2 de las Bases reguladoras del programa.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se registrá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 500.000,00 €, con cargo a la partida 0612/3411/481 del Presupuesto ordinario para 2025. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 1.000,00 € y un máximo de 30.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 15 de noviembre de 2024, y finalizará a las 14:00 horas del día 16 de diciembre de 2024, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.